


**Reis  
Ave**

*contra a burla negra*



*IES. Aquis Calemis  
Caldas de Reis.  
Decembrio 2002*





RUXE-RUXE

Nº 5

DECEMBRO-2002

## Revista do Equipo de Normalización Lingüística

iiiOla, amig@s!!!

Este número vén forzado pola catástrofe non só ecolóxica senón tamén económica e sociopolítica que estamos padecendo estes tempos en Galicia.

As opinións vertidas (mellor verter pareceres ca non fuel) nesta revista poden resultar duras e mesmo mentira dende certos puntos de vista que nós non compartimos, pero proceden do sentir do pobo que se manifesta en cada aldea, vila e cidade da nosa terra.

Dende esta Redacción agradecémo-la colaboración desinteresada de Rubén Fernández, Laura Blanco e Javier Magariños, así como a de Chema, Puri, Pedro, Lois e Ramón.

Queremos que nos comuniquéde-lo voso sentir sobre este mal-fadado asunto a través do noso correo electrónico:

[ies.aquis.celenis@edu.xunta.es](mailto:ies.aquis.celenis@edu.xunta.es)

Tamén podes visitala nosa páxina en

[edu.xunta.es/centros/iesaquiscelenis](http://edu.xunta.es/centros/iesaquiscelenis)

E lembrade que o "buzón de suxerencias" segue esperando as opinións que teñades sobre estes momentos históricos que nos tocaron vivir.

A redacción

I.E.S. AQUIS CELENIS

CALDAS DE REIS

Contidos:

Mareanegra	2
Frases históricas	3
Arte correo	4
Barco petroleiro...	6
Crónica...	7
Manipulación...	8
Mulleres de negro	9
Adiante...	11
Que se vaian	12
Poesía	13
Manifesto M. Rivas	14
Testemuño real...	16



# Areanegra

## Comunicado para todo o profesorado e alumnado galego:

Ante a catástrofe que estamos a sufrir nas nosas costas, é necesaria unha rápida e contundente resposta de toda a comunidade escolar polas seguintes razóns:

1º A imprescindíbel concienciación ecolóxica da mocidade, como parte da programación pedagóxica que todos os centros de ensino apoiamos, e non só como tema transversal. Neste senso, coñecer *in situ* a magnitud do desastre redundará nunha maior efectividade á hora de transmitir estes contidos.

2º A carencia dunha información veraz e xeneralizada dos actos que en todos os centros estamos a facer, de forma local e disgrégada, lévanos a presentar unha acción que precisa dunha perfecta coordinación e unión de todo o noso colectivo, co fin de acadar unha maior repercusión do noso sentir nos medios de comunicación e na nosa sociedade en xeral.

3º É incuestionábel a importancia na sociedade actual dunha educación para a solidariedade, que nos faga reflexionar a todos/as sobre a responsabilidade persoal que cada unha de nós ten que asumir na defensa do noso patrimonio ecolóxico, económico e social; neste sentido é desde o sistema educativo que teremos que fazer un maior labor que redunde nunha viraxe cara a acadar unha sociedade máis xusta e solidaria.

É por todo isto que, a "Coordinadora do Ensino Areanegra" creada, e integrada na "Plataforma Cidadá NUNCA MÁIS", vos convocamos a que, previa reunión do Consello Escolar, o voso centro participe activamente na realización dunha CADEA HUMANA DO ENSINO GALEGO, a facer o mércores, día 22 de xaneiro ás 12 horas da mañá, entre dous puntos da costa (que, no seu día, e unha vez recollidos os datos dos Centros de Ensino participantes, se concretarán), polo que, ante a urxencia da situación que estamos a vivir, precisamos a mesma urxencia de resposta, de feito que antes das vacacións de Nadal teñamos os datos dos Centros partícipes nesta proposta. Esta cadea estará formada polos integrantes de Ensino Medio e Universidade, mentres que nos Centros de Primaria se farán as cadeas nos propios centros o mesmo día á mesma hora, para evitar o desprazamento dos rapaces menores de 12 anos. Achegamos folla para cubrir e remitir a:

areanegra2002@yahoo.es

FAX: 986.54.10.17 (á atención de Pedro)

Se non é posíbel asumir esta actividade como centro e algúns profesor ou profesora quere sumarse igualmente cun grupo de alumn@s pódese facer igual indicándoo na folla que se achega.

**Difundide este comunicado entre todas as persoas vinculadas ao ensino do voso contorno.**

Esta iniciativa conta co apoio dos grupos ecoloxistas da FEG e ADEGA así como de BURLA NEGRA (colectivo de persoas vencelladas á cultura). Se queredes desenvolver actividades previas sobre o tema ou difundir aquelas que tedes feitas ou vaiades facendo, podedes facelo a través do noso correo electrónico ([areanegra2002@yahoo.es](mailto:areanegra2002@yahoo.es)) ou da páxina Web de Areanegra que se está a deseñar e que proximamente difundiremos polos centros.

# Frases históricas

Arsenio Fernández de Mesa  
(Delegado do goberno galego)  
"Hai unha cifra que está clara, e é  
que a cantidade que se verteu non  
se sabe"

Enrique López Veiga  
(Conselleiro de Pesca)  
"Fraga nunca abandonou  
Galicia"

José María Aznar  
"O goberno respondeu  
con diligencia e coordi-  
nación"

Enrique López Veiga  
"Todo o fuel derramado que  
tiña que chegar á costa  
galega xa chegou"


Mariano Rajoy  
"Non é unha marea negra,  
afecta a unha parte  
importante da provincia  
da Coruña pero non é  
unha marea negra"

Carlos del Álamo  
(Conselleiro de Medio Ambiente)  
"Ningún espacio natural  
protexido resultou danado"

Mariano Rajoy  
"Nunca dixemos que non  
pasou nada"

Mariano Rajoy  
"Non se vai verter un só  
litro máis"

# Arte correo



## CHAMADA URXENTE DE ARTE CORREO

As costas galegas sofren, unha vez máis, os efectos da **MAREA NEGRA** provocada esta volta polo afundimento do petroleiro **PRESTIGE**. As consecuencias e estensión da catástrofe son incalculables. A indiferencia incompetente das autoridades autonómicas e estatais, manifesta. Os ecosistemas da costa nortatlántica e cantábrica corren serio perigo.

Os artistas-correo do mundo podemos expresar outra vez máis o noso compromiso estético, ético e político, participando nesta chamada de arte correo aberta a todos. As obras recibidas formarán parte dunha **exposición** no **INSTITUTO AQUIS CELENIS** de Caldas de Reis no día conmemorativo das **LETRAS GALEGAS**, o día **17 de maio** do vindeiro 2003. Procuraremos que a mostra teña un carácter itinerante.

**A data límite de recepción é o 1 de maio de 2003**

Envía o teu traballo (poema, postal, fotografía, poema visual, imaxe, sobre de correo decorado, cuño de autor....) en **formato postal** ao seguinte enderezo:

**Instituto AQUIS CELENIS**  
Rúa Mariñoleiras  
Caldas de Reis, Galizia, Spain.

Os traballos en formato dixital enviaranse a:

[ies.aquis.celenis@edu.xunta.es](mailto:ies.aquis.celenis@edu.xunta.es)

[mareneg@hotmail.com](mailto:mareneg@hotmail.com)

# Arte correo



Os profesores e alumn@s do **IES AQUIS CELENIS** de Caldas de Reis convídanos a participar nunha exposición **SOLIDARIA COS AFECTADOS POLA MAREA NEGRA** do petroleiro **PRESTIGE**. Unha vez máis, volve producirse unha catástrofe de dimensións ecolóxicas incalculables para o noso mar e a nosa terra.

Organizamos esta convocatoria de ARTE CORREO coa intención de facer unha **EXPOSICIÓN** o día **17 DE MAIO**, conmemoración das LETRAS GALEGAS.

Enviade

unha postal, unha foto, un poema, un sobre de correos decorado, escrito, pintado, pegatinas, debuxos..., calquera cousa que se vos ocorra como mostra de solidariedade

ó seguinte enderezo postal

ou ós enderezos electrónicos

O prazo remata o 1 de maio de 2003.

Admitiranse tódolos traballos.


Deberán ir acompañados do voso nome e endereço. Procurarase remitir información posterior a tódolos participantes.

# BARCO PETROLEIRO Á DERIVA NAS COSTAS GALEGAS

O "Prestige" un barco con bandeira de Bahamas e cargado cunhas 77.000 toneladas de fuel naufragou o día 13 de novembro a 27 millas (50 quilómetros) de Fisterra. O mediodía do 13 de novembro Salvamento Marítimo recibiu un aviso de alerta: un buque tanque, con bandeira de Bahamas, en perigo cerca da costa galega debido a unha vía de auga. O temporal que azoutaba a zona, con ventos forza oito-nove e ondas de cinco a seis metros, foi o desencadeante do incidente. Un forte golpe de mar escorou a embarcación ata os 25 graos e abriu unha greta nun tanque de estribor.

Con este motivo Salvamento Marítimo enviou á zona dous helicópteros, "Pesca I" e o "Helimer Galicia", os cales rescataron ós 27 tripulantes do barco, e catro remolcadores para intentar que o barco non afundise. Este barco (construído en Xapón en 1976, a súa última revisión fora en Estados Unidos no ano 1999) cargara os seus tanques en Letonia con 77.000 toneladas de fuel que transportaba ata Xibraltar.

As primeiras ordes do goberno español ás peticións do barco foron enviar á zona catro remolcadores, coa orde de que o barco non se achegase máis do que estaba á costa galega, que nese momento eran uns 50 quilómetros, ó chegaren estes remolcadores a zona encontráronse con que o barco tiña un gran boquete na parte de estribor e tiña as súas máquinas apagadas. Os remolcadores engancharon as cordas ó barco e comenzaron a leva-lo mar adentro para impedir que se afundira e así que derramase todo o seu contido de fuel nas costas galegas. Esta decisión non foi entendida por algunha parte do pobo galego xa estando o barco a só 50 quilometros da costa ¿por que non se levou a algúñ porto das rías altas? A explicación do goberno foi que non se podía poñer en perigo a natureza das rías xa que corría a dúbida de se o barco aguantaría o remolque e non se partiría no medio da ría contaminándoa. Así que a única solución foi leva-lo barco cara a ugas lonxe da costa. No seu remolque, o barco, por causa do boquete nun dos seus tanques, comenzou a verter parte da súa carga por todo o Atlántico.



Á media tarde do xoves 14 de novembro a carga que o barco xa vertera ó mar fora dunhas 2.000 toneladas de fuel, aumentando esta cantidade ata as 3.000 toneladas nas primeiras horas da súa remolcación. A pesar disto os remolcadores seguiron co seu traballo de afastamento do barco da costa ata a mañá do día 20 de novembro, na que as oito da mañá deste día o barco "Prestige" rompeu pola metade quedando dividido en dúas metades, das cales a parte de popa foi a primeira en afundirse cara as doce do mediodía. A parte de proa foi a segunda en afundirse cerca das catro da tarde. Con esta operación o buque volveu verter unhas 4.000 toneladas máis.

Ónde está afundido o barco:

Actualmente o barco atópase afundido en augas de salvamento portugués a 225 quilómetros das illas Cíes e a unha profundidade de 3.500 metros de profundidade, e coa inseguridade de se ese fuel está solidificado ou se os tanques do buque non aguantarán a presión e estouparán, vertendo así as súas 65.000 toneladas de fuel que áinda garda nos seus tanques traendo para Galicia unha gran marea negra.

¿Que se pudo facer co fuel?

A única solución que dou o goberno español foi a de leva-lo "Prestige" a 120 millas da costa. Esta decisión é moi discutida polas empresas responsables do barco e más polas encargadas de salvalo, xa que estes organismos optaban pola opción de que o barco fora levado a algúñ porto galego, e reparado alí xa que non había perigo inminente de rotura do barco. Outra das opcións baralladas era a de trasbase do fuel a outro barco, pero esta opción non se contemplou pola mala metereoloxía e o mal estado do mar.

Xavier Magariños.

# CRÓNICA DUNHA MANIFESTACIÓN HISTÓRICA.

Eran as 10:20 dunha mañá chuviosa de domingo. Montamos no Castromil pensando (eu polo menos) que sería unha manifestación máis, sen importancia... Qué enganado estaba.

Chegamos unha hora máis tarde ó destino e xa comezamos a ver filas de xente subindo pola rúa na que está situada a sede do PP. Cinco carros de policías (valen para facer outras cousas pero para limpar praías non...) escoltándoa.

Chegamos á Alameda, e xa nos demos conta conta de que había moita xente (eran as 11:30); foi-nos case imposible cruzar pola Alameda e estivemos esperando a que saíse a manifestación. Durante ese tempo vimos os políticos de turno... Beiras, Quintana, Encarna Otero... Non vimos a Zapatero, pero dese "oportunista" xa se ocuparon os militantes da CIG e BNG tirándolle ovos... todos sabíamos que el sobraba alí.

Cando saíu a faixa principal da manifestación, nós tivemos que saír de alí e cruzar por unha rúa contigua, que nos foi dar xusto diante da manifestación. Alí estivemos durante un tempo vendo cómo a correspondente da TVE seguía manipulando... (creo que non escoitaou os meus piropos... "¡fascista!", "¡manipuladora!"). En fin... cruzamos preto da sede do PP, pero en vez de coller para alí, a manifestación seguía para arriba, rumbo ó Obradoiro; non houbo incidentes cos antidisturbios (debería estar limpando Muxía...); mans arriba, paramos e quedamos unha hora de pé, vendo pasar á manifestación e a diversos profes deste centro e a actores da TVG. Ó cabo dunha hora aínda non pasara nin a metade da manifestación por alí, mentres o "patriota" Manolo Rivas, xa lera o manifesto.

Voltámonos achegar a unha curva onde a poucos metros se divisaba a sede popular e a Policía. Cando pasaron por alí os militantes anarquistas da CNT, comenzaron os disturbios (nós, como non, estábamos no medio, aínda que non participamos, eu só ondeaba a bandeira galega...). Xusto detrás da CNT viñan os nacionalistas más radicais, que seguiron montando bulla... (montárona durante toda a manifestación, con caixeiros de bancos españoles queimados, etc.) e houbo unha detención dun militante do independentismo.

A Policía subiu ata o cruzamento e saíron os antidisturbios (aínda que nos pareceron moi poucos). Non cargaron contra a CNT e o independentismo; antes de marcharmos, adicámosselle un canto moi realista: "Aquí está, aquí se ve, o brazo armado do PP..."


Ben, subimos pola praza de Galicia e entramos na zona vella ó ritmo de cánticos como "incompetencia", "gobierno dimisión", etc.

Non sei cómo, pero topamos con Pedro, o mestre de música, e con el entramos ó Obradoiro que, por certo, se encheu tres veces... Pero claro, despois algún dos manipuladores conselleiros do PP dirá que só había 17.000 persoas cando sabe de sobra que a cola da manifestación era de varios quilómetros... 250.000 persoas. En fin, despois de subir as escaleiras da catedral, marchamos a coller o bus, que xa era tarde.

Rubén Fernández



# Manipulación informativa



Ata o 13 de novembro, só uns poucos nos dábamos de conta (por diversas circunstancias) do poder Goebbelsiano de manipulación das televisións Públicas (TVE, TVG) e do complexo Antena3-Telefónica-PP. Hoxe, a mediados de decembro, a maioría da sociedade galega dáse de conta desta vergoña.

Ademais disto, todos os diarios tamén están manipulados politicamente: "La voz de Galicia" (forzas antigaleguistas), "Diario De Pontevedra" (creado por extremos direitistas), "El Correo Gallego" (extrema dereita), "El país" (centro-esquerda), "El Mundo" (Centro-dereita), etc. Así que xa se sabe, os diarios van contar o que lle interese ó partido político que os domine, independentemente de cal sexa este. Con este panorama mellor decir "morreu o conto". Á parte do caso patético da

prensa (des)informativa, diredes tamén, por que as televisións públicas manipulan a información e non son obxectivos? Porque están controladas e dominadas polos gobernos do seu territorio, é dicer; están suxeitos a unha persoa (o director xeral), o cal é nomeado polo goberno e cesado cando a éste lle dé a gana, polo tanto, o encargado da televisión ten que dicir o que lle conveña ó goberno e beneficialo ao máximo, iso si, dando imaxe de inexistente "subxectividade e liberdade de expresión".

Agora xa están todas as dúbdas disipadas. Ah, sabedes quen inventou isto de manipular a opinión da poboación coa televisión?, un ministro do partido nazi alemán ;). Todo claro xa, non? Dende a prohibición que puxo a Administración ós medios de (des)información de non dicer a frase "marea negra", para dar umha imaxe de normalidade, ata as mentiras que se comentaron da manifestación do 1 de decembro en Santiago, contrapoñéndo-a a unha inútil rolda de Manuel Fraga, e adicando-lle un minuto nos telediarios, como se fose unha simple manifestación, pasando polas xa típicas mentiras como 'en tal playa están trabajando cientos de voluntarios, felices y con los medios adecuados' e resulta que te achegas alí e ves un areal de dous km. e dez persoas quitando o chapapote coas MANS, pasando tamén polo silenciamento total nos primeiros días do suceso, ou o exemplo da TVG , a cal despediu un xornalista que se sen d ar-se de conta, entrevistou en directo ao xefe da asociación e coloxista ADEGA... (ao dia seguinte foi despedido). Ah!, ainda sigo sen saber quén sabotou o xornal [www.acontrafrio.com](http://www.acontrafrio.com) (recoméndovolo) os días do naufraxio do barco...

O único que sabe dicer ultimamente xente próxima ao PP é que Tele5 é unha televisión suxeita ó PSOE (iso xa o sabemos), por que se mestura Tele5 co PSOE, por estar no Grupo PRISA, que é un grupo afín á ideoloxía esquerdista do PSOE? Ou molesta-lles que fose o mellor medio de comunicación con respecto ó caso "Prestige", e dese a coñecer toda a realidade e as carencias do seu partido?

En España nos ultimos tempos chama-se-lle nazi a calquera ata a quien non o é, en fin... Xa vos falei do ministro nazi Goebbels e o seu método. Estarán actuando como nazis aqueles que todos os días nos dan a mesma visión ("aznarista" e "fraguista") de todas as cuestións políticas e sociais do estado?

Rubén Fernández Monteagudo

# MULLERRES DE NEGRO CONTRA A BURLA NEGRA

Como todas as catástrofes, a traxedia do Pestige ten rosto de muller, pois mulleres son as mariscadoras que quedaron sen areais nos que iren mariscar ou as que venden o peixe no mercado. Os homes, nesa division sexual do traballo que afecta tamén ao mundo do mar, son pescadores de baixura ou altura, propietarios ou non de pequenas embarcacións. Eles teñen a opción , difícil por suposto, de enrolaren-se noutros barcos con outros patróns, de iren ao Gran Sol ou de emigraren, mariñeiros en terra, a traballar sobre todo na construción... Mais as mulleres que vivian do marisqueo non poden ir na procura de novos areais e rochas onde recolleran ameixas, navallas, berberechos, ourizos... Elas non poden vender a súa força de traballo noutro lugar, estan atadas á costa. Elas son as que traballan nas feminizadas industrias conserveiras, unha das más afectadas pola catástrofe, e as primeiras en iren ao paro. Ou as que facían as redes, agora para quen? Quedan-lles, é certo, os talleres cooperativos da Grande Industria Téxtil Galega, para os que poden coser, pasar o ferro ou rematar pezas a prezos de mercado de países en vias de desenvolvemento, con horarios interminábeis, a meirande parte das veces sen contrato e salarios de 300 euros.

Desde a psicoloxía, a teoría e a práctica da cooperación comprobou-se unha e outra vez que despois de toda catástrofe "natural", e mentres perduran os efectos desta, os índices de violencia se disparan, e particularmente a violencia de xénero cara ás mulleres. Sobre elas recaerán os efectos postrau-máticos da catástrofe, o efecto do paro, das depresións... Elas soportarán aos homes deprimidos do seu contorno, as suas borracheiras, a sua ira canalizada nas suas mans... e elas terán que sacar forzas de onde non teñan para seguir adiante. Que prezo lle poñemos a este efecto indireito do vertido de crudo, quen o asume? Mas seguramente iso non esté entre as previsións do goberno: hai acaso equipos de psicólog@s desprazad@s ás zonas afectadas para atender ás vítimas da catástrofe? Non, ese factor

humano non se ten en conta ante males maiores como o desastre ecolóxico. Mas as mulleres e homes da zona tamén forman parte do ecosistema e sen el@s non pode haber un desenvolvemento sostíbel. Ter en conta este factor implicaría aumentar os gastos e recoñecer os outros impactos indirectos derivados do derrame do petroleiro. Talvez habería que exixir, agora que ainda temos fresco o 25 de novembro, Dia Internacional Contra a Violencia de Xénero, un Plano Estratéxico para a prevención da violencia de xénero nas zonas afectadas, porque a violencia virá con cada onda e cada marea a azouzar-lles a face, psicolóxica e fisicamente, en cada porto, en cada aldea escollerá o vento que mais teña interiorizado do discurso androcéntrico ...



Numerosas unidades de convivencia ou familias desmembrarán-se, desestructurarán-se, encherá-se de novo Galiza, como dixo Rosalía de Castro de "viúvas de vivos". Ficarán elas ao fronte da casa e das persoas dependentes (fill@s, anciás, enferm@s, encamad@s...) mentres eles, porque "*En Galiza non se pide nada emigra-se*", partirán. Porque a sumisión e a resignación forman parte da estructura sociocultural galega e, se non se identifica o problema e se traballa na sua disolución, como se traballa na disolución do sistema patriarcal, nunca sairemos adiante como pobo.

Seguimos a ser zona obxectivo nº 1 dentro da clasificación da UE: periferia física e económica, non damos alcanzado o tren de alta velocidade europeo e, mesmo cando o próprio tren chegue, fará-o

tarde e lentamente, porque somos un país de montañas, tratan de nos enganar unha e outra vez coa trampa do determinismo xeográfico; a xeografía é o noso destino, como o foron neste suceso tan desafortunado, os ventos e mareas da Costa da Morte, e seguirá-o sendo ciclicamente, se non se proíbe o tráfico deste tipo de petroleiros. Porque tamén a natureza é o destino das mulleres, seres inferiores sen direito á palabra, seres predestinados pola sua natureza maternal a cuidar dos outros. Cantas mulleres entrevistaron os medios de comunicación, a cantas lles preguntaron como afectará ás suas vidas diárias os efectos da crise que se aveciña? Onde están as mulleres galegas?

Elas terán que administrar o subsídio de miseria que recibirán durante algúns meses, (se o reciben, elas, case sempre sen asegurar, sen papeis porque o seu traballo era un complemento do traballo masculino, economía submersa base do sustento familiar), terán que facer números unha e otra vez para pagar os recibos da electricidade, da auga, do teléfono...

Todo isto aumentará as horas dedicadas polas mulleres ao rol reprodutivo, e en detrimento do tempo dedicado para elas mesmas, para procuraren outro traballo, para poderen asistir a un curso de formación ocupacional que non terá estes factores en conta. Non saberán o que significan as palabras descanso nen ócio.

Tirarán como podan das míseras pensións d@s maiores (as más baixas do estado) que por lei de xénero, perdón de vida, lles tocou atender e coidar. Somos un país subsidiado, que malvive das pensións, un país no que as mulleres non queren ter fill@s, porque saben que non terán con qué alimentá-l@s, non terán emprego que lles ofrece, sen un futuro, só a emigración... porque elas a duras penas saen adiante. É o lento xenocidio do pobo galego, das suas xentes, da sua cultura, da sua língua, da sua paisaxe, do seu litoral, dos seus fondos mariños, do seu ecosistema, da sua riqueza e patrimonio natural.


En Galiza temos unha das rendas per cápita más baixas da UE e unha das taxas de desemprego mais altas. Que pasará no prazo de vinte ou trinta anos cando @s pensionistas vaian morrendo?, de que viviremos? Non hai recambio xeracional e non o vai haber durante décadas se a maneira de facer política non cambia neste país. Temos a taxa de natalidade más baxa do mundo, estamos condenad@s á nosa propia extinción, como se está extinguindo a nosa língua, a que más falantes perde, porque o pobo non quere falá-la, por que renega da misera identidade que lle devolve. Como xa o sinalou a ONU, no ano internacional das línguas, o galego é unha língua en perigo de extinción, como algunas das especies de aves que habitan as costas, agora más ameazadas ainda. Perdemos o mar, a língua, a identidade: que nos queda como pobo? Talvez o orgullo e a raiba que me entran por ser galega.

A reconversión da industria naval e dos estaleiros, (eufemismo para referir-se á morte), a cota láctea (ou o que é o mesmo, o desmantelamento do campo galego), a crise das vacas tolas, os desacordos pesqueiros, e agora o Prestige... (escusa ideal para acabar coa flota galega que os gobernos da UE queren desmantelar, por antiga, artesanal e pouco competitiva): Galiza vai á deriva como o Prestige. Preparen-se, madrileñ@s, canari@s, ingles@s, etc. para recibir a onda de inmigrantes que lles chegarán, iso si, cos seus papeis en regla e permiso de residencia avalados e co visto bo do goberno. E non esquezan que na lama dos areais das rías, nos postos do mercado, nas conserveiras e nas casas dos pescadores quedaron as mulleres atrapadas no seu rol de xénero.

Sobre un artigo de Elisa G. Sánchez Albornoz, aparecido en Mujeresenred



# Adiante contra a burla negra



A burla negra xa ven de hai tempo. Xa a finais do século XIX e durante parte do XX, a poboación negra de Estados Unidos era obxecto de burlas cando tocaban o banjo para a xente branca. Eran chamados menestrels ou xograres. Actuaban cos beizos e cara pintados (remarcando a súa negrura). Este fenómeno posibilitou, en parte, a consolidación da guitarra como instrumento de blues e do futuro rock en detrimento do banjo, asociado a estes actos vergonzosos. O caso é que eses negr@s eran obxecto de burlas (aínda o son —a cantidade de chistes de mal gusto que circulan entre nós-) e levábanas de todas as partes.

Nós @s galeg@s, somos @s negr@s deste comezo de século. E levámolas por todas as partes tamén. Somos ainda marxinad@s, sendo ás veces obxecto de burlas (o acento marcado galego

identificándose con algúen parvo e pailán) e menosprezo por parte d@s nos@s gobernantes (seguimos a ser unha zona con grande emigración, caciquismo, censura...). Esa marxinación estase a reflectir nas reaccións d@s polític@s. Realmente no Estado español importamos unha merda. A xente vénese por uns euros e sente que o rei non poida tomar percebes. ¡Que noxo!, que noxo que nós sexamos eses xograres que pintamos a cara e votemos e actuemos compracendo ós caciques. ¡Por que nos van limpar a cara cando somos así de sumisos, patéticos? Dan ganas de marchar deste país vendo cómo a xente non é capaz de superar a súa ignorancia e miseria. Eu síntome negro, cada día más negro, pero non quero perder o orgullo de selo. Debe vir de familia. Xa cando a miña nai era pequena, na escola, xunto doutras compañeiras, eran chamadas negras por unha profesora (?) por seren fillas de xente desfavorecida da vila. Debían estar de pé na clase mentres as súas compañeiras (fillas de xente con máis medios) tiñan as mesas das primeiras filas. Ela rebelouse á profesora pero levou as de perder. E agora nós tod@s non acabamos de nos decatar desta gran burla negra. Non podía ser doutro xeito, é a mancha coa que queren que nos pintemos @s galeg@s. Non lles chega con que sexamos a última merda. Quérennos facer burla, rirse de nós, que sexamos eses xograres dos que a estas alturas débese de estar a rir media Europa. ¡Pintura contaminante para tod@s!, hai para todos, e logo da actuación seique pagan ben. Un señor trae cartos no seu peto e paga a todos os que nos pintemos. ¡Que sorte o da mancha!, danno cartos sen facermos moito, só por pintarmos a cara.

A esperanza non sei cal será. Só cabe unirse **contra a burla negra**, tamén nome dunha plataforma de xente da cultura (tomado do nome do último barco pirata galego) que non queren pintarse. Por iso vos digo a tod@s que ¡¡¡Adiante contra a burla negra!!! E como fan na tradición de música negra, respondedes a coro ¡¡¡ADIANTE!!! E repito e repito coma nun ritual: ¡¡¡Adiante contra a burla negra!!! Tod@s: ¡¡¡ADIANTE!!! Moi ben, é así. E, se non, cantamos un blues, ou algo azul, que era como tiñamos antes a pel tinxida polo mar, hoxe pintada de negro, para goce das autoridades. Non vos preocupedes: pagar, pagan, sobre todo se o espectáculo é bo e se poden rir ben de tod@s ¡¡¡Adiante contra a burla negra!!! ADIANTE.

# Que se vaian

A estas alturas tod@s sabemos que a Xunta e o Goberno Central son os CULPÁBEIS, non directamente, xa que o petroleiro afundiu só, pero ¿por que mandaron afastarse da costa podéndo enviar ao porto da Coruña a descargar o fuel? Gracias a esa desafortunada acción, agora estamos como estamos.

Algúns cargos do PP din que é lamentable que se politice esta catástrofe... Vaia, non quero recordar cómo era a oposición do PP nos anos socialistas... Tampouco quero imaxinar a que se tería montado se, cando ocorreu o accidente do "Mar Exeo", estivesen de caza ou vacacións os ministros (PSOE) de Fomento ou Medio Ambiente. En cambio, parece que hai medo a criticar o PP, toda crítica está amortecida. O goberno e Xunta (por moito que Rajoy se irrite nas roldas de prensa e Aznar se mostre despectivo con quien o critica) actuou mal, tarde e con grande incompetencia.

Hoxe, pasadas xa dousas semanas do 13 de novembro, aquel fatídico día, Galiza segue sen ter os medios suficientes para limpar praias, séguenes ocultando a información básica, séguenes mentindo, manipulando, desinformando. Eso si, en Madrid aprobaron rapidísimo as axudas de corenta euros ó día para os afectados e din que lles quitan todos os impostos (ocultan que tanto mariñeiros, mariscadores e armadores teñen que seguir pagando a renda de autónomos, unhas vinte mil pesetas ó mes, e algunha taxa máis...) para tentar recuperar algúns dos votos que perderon; ademais queren culpar a Xibraltar deste caso; son tan insolidarios que querían afasta-lo barco ó mar administrativo portugués; convocan ás confrarías afectadas o mesmo día e á mesma hora da manifestación de Santiago de Compostela.

Agora chega a hora de fazer as preguntas: ¿Onde están os cartos para os medios de limpeza de praias e demás?

Houbo cartos para ocupar un cacho de pedra que non vale para nada (Illa Perejil), houbo cartos para o caza europeo "Eurofighter" (a xoia da aviación europea), que se estrelou nun monte; houbo cartos para a voda da filla do presidente; tamén para facer manifestacións en contra do nacionalismo democrático; por suposto, para formar vinte mil policías más, etc.

Non houbo vergoña para dicir que nunha manifestación de ¡Basta Ya! había 150.000 persoas (os estudios, e diarios, indicaron que había 14.000); non a hai para seguir roubando votos mediante o sistema caciquil, tampouco para implantar leis antidemocráticas como a de Partidos e a LCE. Xamais houbo vergoña para ir ó País Vasco a gañar un puñado de votos, assistindo a funerais de víctimas do terrorismo, e poñendo cara de tristeza. Pero claro, hai vergoña e medo a vir á Galiza, ás nosas costas, a coller unha pa e poñerse a limpar, a dirixir como cabeza visible o gabinete de crise do "Prestige"; Josemari, si, o do bigote, oe: se hai cartos para tantas parvadas, ¿por que non os hai para buques anticontaminación, gafas, traxes, pas, máscaras, etc.? Para os galegos nunca hai nada; quéresnos seguir tratando coma s ubnormais, como fai o último franquista galego, si, si, ese que vai de caza mentres o noso mar, ou sexa, a vida de Galiza, MORRE.

Como ben dicían o domingo: "nin mociones de censura nin farrapo de gaitas"; a verdadeira moción estaba nas 250.000 razones para a dimisión dos Fernández de Mesa, Rajoy, Fraga, Matas... que encheron Compostela.

Rubén Fernández

# Poesía

MALDITO NÁUFRAGO  
DE NEGRAS MANS.  
CUBRÍCHE-LOS OLLOS  
DOS PEIXES,  
PEIXES DE CRISTAL  
E CUARZO DUN  
PEQUEÑO SOÑO AZUL.  
AGORA, O TEU FÚNEBRE ALENTO  
CORRE ENTRE CORAIS E MEDUSAS  
ESNAQUIZANDO AS ENTRAÑAS  
DO MÁIS PREZADO  
TESOURO.  
L.B.A.



# Manifesto de Manuel Rivas

Velaquí o tedes. Isto foi o que Manuel Rivas leu no palco o día 1 de decembro no Obradoiro con ollos chorosos, na manifestación máis grande da historia de Galicia.

## NUNCA MÁIS

Gracias irmáns:

Aquí está a dignidade, aquí está a conciencia libre, aquí está un pobo vivo, aquí está a honra de Galicia.

Si, gracias irmáns:

Nós tamén invocamos hoxe aquí a protección do Santiago Apóstolo, de Prisciliano, de Santo André de Teixido, da Virxe do Carme, nai e señora da xente do mar, pero invocamos sobre todo a forza do pobo, a capacidade cívica, democrática, de nós mesmos para afrontar responsablemente e con coraxe esta situación de emergencia, sen que se nos oculte a realidade, sen que se secuestre información, sen que falte á dignidade de pretendendo acalar as verdades cun tintinar de moedas.

Si, gracias irmáns:

Gracias a todos os que viñestes do Eo ao Miño, gracias especialmente ás familias do mar que están aquí, co peso da dor e destas noites de vixilia sobre os seus ombros, e gracias tamén moi especiais a esa humanidade sensible, alerta ao sufrimento da xente e da destrucción da natureza, que dende todo o mundo ten enviado o seu abrazo solidario e amosa o seu noxo e horror polo que acontece no mar de Galicia. Un mar fonte de vida, un excepcional ecosistema, o máis precioso horto da creación, velaí o tedes, en permanente ameaza, convertido nun vertedoiro de venenos, machacado pola cobiza duns e o desleixo, o abandono doutros.

Convocados aquí, dunha maneira libre e unitaria, en marea cívica fronte á marea negra do Prestige e na crise e na emergencia en que Galicia está asolagada: Esiximos a declaración de Galicia como zona catastrófica. Trátase dun desastre de dimensións nacionais. Cómpre, pois, a inmediata dotación de recursos de todo tipo para reparar as graves consecuencias económicas, sociais, medio-ambientais e para a saúde provocadas por este sinistro. O que precisa Galicia non son remendos paliativos senón plans a longo prazo que contemplan o binomio tan estreitamente relacionado de protección do medio ambiente e o emprego e benestar da poboación.

As institucións españolas, a Comunidade Europea e os organismos internacionais deberían contemplar tamén a existencia do que poderíamos chamar unha Débeda Histórica de Catástrofes, pois temos sufrido xa seis catástrofes deste tipo e de gravísimas dimensións en trinta anos, e é unha responsabilidade a assumir polas institucións galegas o demandar esas compensacións históricas. Non só quen contamina debe pagar senón tamén quen obtivo e obtén beneficios; as petroleiras deberían pagar.

Reclamamos para Galicia a inmediata posta en marcha de mecanismos de prevención que impidan que a catástrofe vaia en aumento, coa posta a disposición diligente dos medios económicos e loxísticos para impedir a contaminación de novas zonas, a intensificación nas xa contaminadas e a limpeza e a restauración medioambiental da costa.

Reclamamos para Galicia a adopción de medidas determinantes, ben concretas, por parte do Goberno central e da Xunta para que feitos como este non se volvan a repetir nunca máis. Medidas para impedir xa, e é o momento agora, por respecto ao loito do mar, o paso de buques que non reúnan as garantías de seguridad, apartar o corredor marítimo e establecer un control estricto do tráfico e do almacenamento de mercadorías perigosas.

Reclamamos para Galicia a dotación dun verdadeiro dispositivo de salvamento, dun plan de emergencia e

dun operativo de reacción inmediata para loitar contra a contaminación mariña, con remolcadores axeitados e con buques anticontaminantes. Aqueles que presumen de potencia mundial, ¿non lles cae a cara de vergüenza ao ver que aquí, cunha nova marea negra nas nosas costas, non hai un só buque anticontaminante con pavillón español?

Reclamamos para Galicia a ubicación nesta costa da Axencia Europea para a Seguridade Marítima. Reclamamos que se impulse unha lexislación internacional que acabe con este tipo de capitalismo delinquente, amparado na comenencia e nos paraísos fiscais, que estraba a vida dos pobos e dos verdadeiros países do mar e da terra.

E rematamos:

O sinistro do Prestige e o ocorrido despois pón en evidencia dun xeito inapelable a inexistencia de medidas de prevención axeitadas, a ausencia de plans de emergencia para fazer fronte a este tipo de catástrofes, a improvisación e descoordinación nas tarefas de salvamento e loita contra a contaminación e a total escaseza de recursos técnicos e humanos para fazer fronte a este tipo de situacíons.

Denunciamos as responsabilidades derivadas destas deficiencias. Reclamamos a demisión das autoridades que coa súa ineficacia e irresponsabilidade non souberon impedir que o accidente tivese as peores consecuencias. Dicímolo no código do mar: Delta India Mike India Sierra India Oscar November: Dimisión. É nas situacións críticas cando os gobernantes teñen que estar a carón do pobo, informando realmente, nos medios e no Parlamento, e activando os recursos dun país.

Polycommander, Urquiola, Erkowit, Andros Patria, Casón, Mar Exeo.... e agora Prestige. Xa non queremos contar máis. Xa abonda. Xa estamos petroleados ata as praias da alma. Galicia, mobilizada de exemplar, conseguiu nos anos oitenta que pechase o vertedoiro de residuos radioactivos, o cemiterio nuclear, fronte á costa de Fisterra. Pois ben, hoxe dicimos: NUNCA MÁIS. Que non se desprece máis este S.O.S. dun pobo canso de aturar e sufrir. Que se escoute en Santiago, Madrid e Bruxelas. Que se escoute onde se teña que escouitar.

Galicia é hoxe a humanidade que berra: ‘Nunca máis!’.


Manifesto final da marcha de Santiago. 01/11/2002.



# TESTEMUÑO REAL

## DUN DÍA DE VOLUNTARIADO EN MUXÍA

Este trozo está sacado dunha crónica dun grupo de doce persoas, membros de un portal de información en Internet, que acudiron como voluntarios na limpeza de costas ó concello de Muxía, o pasado 23 de novembro.



Estas persoas tiñan diferentes opcións políticas pero un denominador común, que é o futuro do noso pobo. Os trozos do relato contan a rabia e a desesperación que estaba e segue aocnecendo a pé de praia, fora da mentira oficial que se nos segue contando sobre o traballo dos voluntarios, dos medios cos que se contaba para facer fronte á marea negra.

"As 12:00 horas chegamos a Muxía, a situación é indescriptible, o petróleo chega ás ruas, todo está impregnado da substancias, ollas cara o mar e ves un ton escuro, moi viscoso. Iamos preparados, mais a sensación de pesimismo, rabia e gañas de chorar, percorre o corpo."

"Chegas a protección civil, asinas un documento no que colocas os teus datos como voluntario, facilitante o material que nos dixerá o alcalde, ó teu redor outras persoas escoitan estupefactas como é iso de que non lles poden dar unhas botas ou un mono de plástico para non ter que tirar ó lixo a roupa con a que vas vestido. Sumerxeste na impotencia, contés a

rabia cuando o membro de protección civil diche que só teñen unhas ducias de palas polo que é mellor que só as levemos a metade dos que estabamos alí e o resto que utilicemos uns capachos para cargar o chapapote. Din que nin a Xunta de Galiza, nin o Goberno de Madrid enviaran ainda ninguns cartos, que o material que nos estaban a dar o pagara o concello de Muxía. Están absolutamente faltos de material para poder proporcionar ás persoas voluntarias."


(...)

"Ao chegar á praia, comezas co traballo e rapidamente te das de conta de que as palas non sirven para nada, o chapapote é unha substancia espesa, como se fose chicle mastigado, é moi difícil de romper con unha pala e acabas por utilizar as mans para facer a tarefa. É unha imaxe para a indignación, para ensinar ó mundo e dicer o enorme progreso que temos, as grandes diferencias co chamado terceiro mundo que temos no noso país, ante un desastre ecolóxico que vai coas trazas de ser o maior da historia, o xeito que tes de recoller o chapapote é coas mans! A segunda cousa da que te das conta é que o emprego das mascarillas é absurdo, son mascarillas para o pó, das que podes mercar por 60 centimos, nun todo a 100, útiles para parar substancias en suspensión no aire cando fas limpeza na casa..."

(...)

"Xa pola tarde, rematas o traballo, movéndote ós poucos polo gran cansancio que levas, é cando a rabia se desata. Alá están os de TVE (des)informando "de la mancha de fuel que está controlada, de los miles de millones de euros que promete el ministro gallego Rajoy, de los voluntarios llegados de toda España, de que esto se acaba en tres días". Espontaneamente comezan os berros de todos os voluntarios pedindo rigor informativo, berrando contra os manipuladores de opinión, chamandolles polo seu nome, FASCISTAS, preguntando onde está o exército que estaba a limpar as praias, eles teñen o descaro de plantarche cara, de dicirche que son moito mais importantes que ti, que están a informar con seriedade, que o que nós queremos é protagonismo (!), que o importante é a marea negra e non nós (!) ou que son "curritos" e que se non din o que queren os que van de traxe e zapatos caros que se quedan sen traballo, menean a cabeza, preguntan "mucho protestar, pero cuantos sois de aquí" o que recibe unha multitudinaria resposta de que nós somos todos de aquí, nós somos todos galegos. Quéntase a situación mais non recúas, a rabia e o odio fai que vayas contra eles. Eles saben que non teñen a policía para defendelos, recúan e métense dentro do camión emisor. A victoria é nosa. Os medios internacionais interrogáronos sobre o que está a suceder cos voluntarios. Unha Xornalista de ETB cóntanos o que xa imaxinamos, cando Manuel Fraga foi pasear pola costa da morte repartindo millóns a moreas, as tropas militares españolas estiveron o tempo necesario para saír na foto; despois, aos batres. Despedímonos xa de Muxía, sabendo que onde hai que estar é alí, nas praias, co resto dos voluntarios, dando todo o teu esforzo porque, se non somos nós, non é ninguen, e o noso pobo é noso!"

Rubén Fernández



*Revive a negra  
sombra de Rosalia.*

*Un serán de amargura  
cuberto de triste  
escuma grisácea.*

*Resignadas ondas  
que conducen cadáveres  
ás desfeitas praias, anteriormente  
paraisos perdidos  
na más fermeosa  
das terras.*

*Cómo doe esta  
soidade escura nos, agora  
perfilados de negro, beizos  
da Galiza.  
Fermosura ennegrecida  
polo peor dos atentados.  
E ollamos  
cómo os defuntos voadores  
caen derrotados  
polas pegadas da morte.  
Só silencio,  
negro,  
escuro,  
e rabia...*

